

ESCONXUROS PARA UN REI

M.^a CARMEN REY NÚÑEZ



BAÍA EDICIÓNS

Limiar

No decorrer do 1640 –durante o reinado de Filipe IV–, a frota de Indias, conformada por preto de catrocentas embarcacións de distintas características e grandores, carrexou cara ao porto de Sevilla descomunais cantidades de ouro, prata, especias e produtos de moi alta cotización. En contra do previsíbel, as amentadas riquezas non propiciaron o desenvolvemento cultural, tecnolóxico ou fabril que sería desexábel. Namentres Francia e Inglaterra se esforzaban en deseñar e fabricar os seus propios produtos, España andaba entretida en asuntos bélicos. Ás guerras con países estranxeiros habíalles que engadir os continuos combates en Aragón, Cataluña e Portugal. A nobreza deses lugares, desconforme coa carga tributaria á que estaba a ser sometida, loitaba por se independizar do que consideraba unha patria raspiñeira.

España, que daquela podería ser un país instruído e próspero, era terra de pillabáns e analfabetos. A xente humilde, por moi aleuta que fose, non tiña a posibilidade de aprender outra cultura de non ser a do boca a boca. Así se tiñan en pé víanse na obriga de traballar ao par dos adultos. Era unha sociedade dividida entre ricos e pobres. Uns dita-

ban as normas e os outros acatábanas. E, cando alguén se amosaba desconforme, a lei, que sempre estaba da banda dos poderosos, amosábase contundente. E se amentamos a Santa Inquisición –estrutura relixiosa que vixiaba asuntos de orde moral–, a condena estaba garantida denantes de que o reo fose xulgado.

Zeltia, que por aquel entón contaba con catro anos, viaxaba na compañía dos seus pais e irmáns cara á feira de Codesos. A familia, por motivos alleos á súa vontade, vírase empurrada a fuxir de Castela. escoitaran dicir que as mulleres de cabelos roxos e face con marxas eran tallada de fogueira, pois a Santa Inquisición decidira cualificalas de bruxas. E, ao posuír Xacinta –a nai dos cativos–, unha fermosa cabeleira desa cor, decidiran poñer terra de por medio e afas-tárense todo canto puidesen de Burgos, lugar de onde eran orixinarios. A súa idea era a de atravesaren o norte de España e buscar refuxio en Portugal, onde Xacobe, o pai dos rapaces, tiña parentes que, caso de ser preciso, lles botarían unha man. Mais a vida non sempre leva polos camiños previstos. As urxencias do cotián eran as que, en realidade, lles ían marcando o rumbo. Un rumbo lento e ateigado de contratemplos. Eran xente boa e humilde. De seu nada máis tiñan media ducia de crianzas, unha burra vella e a desgastada carreta que, a cada pouco, debían recompor con vimbios, xestas ou calquera outro tipo de gamallada flexíbel. Co seu escaso haber van de pobo en pobo a representar obras de teatro e declamar poe-

mas ateigados de sentimento. E antes de que a noite acoche a luz do sol procuráranse un lugar onde poder erguer o toldo e acampar. Ademais de aproveitar o tempo para descansar, asearse e comer –caso de teren que–, ensaiaban obras novas. As crianzas, dende a máis pequena á máis grande e, case sen saberen falar, interpretan as creacións da nai coma se nacesen con esa única encomenda. E, mentres o público aplaude ou deixa caer unha moeda na gabeta, os cativos, cunha mestura de humildade e fachenda, inclínanse ante el.

Pese á natural arte para emocionar, a familia non sempre xunta o suficiente para atallar as necesidades máis inmediatas. Cando isto acontece, métese nas leiras de froito e raspiñan todo canto a noite e os folgos lles permiten. Hoxe non han ter que roubar froito alleo. A medio camiño do destino fixado, a burra, que dun tempo para acó viña acusando cansazo, deixouse caer ao chan e, sen nin sequera exhalar un orneo de despedida, deu os últimos estertores. Pechou os ollos para sempre. Con iso non contaban os donos. Tanto tempo decaída, frouxa, leváraos a pensar que o proceder do animal tiña máis de costume que de doenza. Por ver de lle quitar algo de aproveitamento á desgraza, Xacobe, namentres a nai acendía o lume e colocaba unha perfia con auga e herbas aromáticas enriba da trepia, axudado polos fillos máis vellos, esfoloulle os dous cuartos traseiros do animal e meteunos a cocer. Presentáraselle unha xornada farturenta. Os cativos, ansiosos, pinchaban arredor do pucheiro. Coa tallada case crúa, xa súa nai pillou a coitela e tronzoulles cadanseu anaco. Rilaban nela enchidos de satisfacción. Tanto pais coma fillos estaban a botar a fame fóra, un dos peores e máis frecuentes males que

tiñan que soportar. Con todo, atopábanse nun serio problema: a burra éralles imprescindible para trasladaren os vultos dun lugar a outro. E naqueles intres non tiñan diñeiro para se faceren con outra. Fose como for, debían chegar á feira, niso íaselles o sustento. Pai e nai pillaron cadansúa pértega da carreta e, namentres os cativos empurraban, eles dous, aos poucos, turraron cara a diante. A xeira era custosa. Agás Zeltia e os dous xemelgos máis novos, que quedaran eximidos do traballo, os demais chegaron esgotados ao campo da feira. Dado que inda era cedo para funcións teatrais, tomaron un tempo antes de montar o escenario. Os pais víanse pensativos, tristesiros. Se non atopaban decontado unha solución morrerían todos de fame. Apenas levaban diñeiro no peto, e mercar un burro éralles vital. A próxima feira sería a de Monterroso, onde agardaban axuntar unhas moedas. Quizais fosen suficientes para poder mercar o asno. O peor era que Monterroso distaba sete leguas de onde eles estaban. E facer ese traxecto a pé e a turrar dunha carreta ateigada de lotes... A situación non pintaba ben.

Zeltia, coa barriguiña chea de tallada asnal e unhas intensas ganas de lle devolver o sorriso aos proxenitores, fixo unha intervención brillante. Cantou cantigas doutras terras coa desenvoltura dunha artista de cine. E des que rematou a actuación, estricou as candorosas mans cara ao público para que lle deixasen unha esmola. Debeu ser esta particularidade a que engaiolou a Rexina, a meiga de Fornelos.

—Mércoche esa cativa. Canto é que pides por ela? —preguntoulle a meiga ao pai da rapaza.

—E vostede toleou, señora? —inquiriuna a nai de Zeltia.

O pai, pola contra, xa el estaba a enxergar unha solución ao problema financeiro.

—Catro reais de prata, nin un menos —ofertou o pai.

—Iso non o vale todo canto ti tes!

—A rapaza non é calquera cousa, xa falaba no ventre da nai. Preguntádelle se queredes.

—Seremos pobres, pero os nosos fillos non se venden, Xacobe! —determinou a muller entre bágoas.

—Mellor vender unha a que nos morran todos de fame. Pasamos moitas necesidades, muller! —refutou o home.

—Ninguén me vai arredar de ti, miña bonitiña —díxolle a nai a Zeltia ao tempo que a acochaba no seo.

—E dicías ti que a rapaza falaba nos adentros da súa nai...? —preguntou Rexina sen facer caso do afliximento da muller.

—Como volo conto!

—Bota logo para acá.

—Da miña neniña non me vai arredar ninguén! —advertiu Xacinta.

—Tratareina como a unha filla, non temas —prometeu Rexina.

—Entra en razón muller! Con este diñeiro podemos mercar un burro e inda nos sobra algo —pregoulle o home.

Logo de que Xacinta e Xacobe pasaran un tempo a porfiar, a muller deu o seu brazo a torcer. O trato quedou selado e asinado sen necesidade de notario.

Cando Rexina se encontrou cunha criada á que tiña que criar, considerou que o negocio non fora tan vantaxoso como nun primeiro crera. E xa de volta ao fogar, esclareceulle á

cativa como sería o seu día a día. Nada de perder o tempo a brincar, que se pagara tanto diñeiro por unha mocosa de catro anos era para que lle axudase a traballar. E, unha a unha, enumeroulle as tarefas que, ao longo da xornada, tiña que realizar. Logo de a poñer ao tanto da vida que lle agardaba, indicoulle que sempre que tivese que se dirixir a ela o fixese co adeallo de Ama. E cando os domingos fosen á misa e a xente lle preguntase o nome, que contestase que se chamaba Zeltia Expósito para servir a Deus e a vostede, que tamén o facían os fillos dos máis principais de Lugo. Que de non facer todo canto ela mandaba, a metía no pote a cocer con verzas e ervellas e lle serviría de xantar. Mentres Rexina discursaba, a rapaza non deixaba de a observar. E, por temer que a ameaza fose certa, aclaroulle que non era preciso que a comese con verzas, que ela sabía facer de todo e, que se lle deixaba, lle chapodaba a verruga que tiña na venta esquerda do nariz. Para non sangrar, taparíalle o furaco cunha guedella de liño enchoupada en augardente. Ao percibir a bruxa até onde alcanzaba a disposición da cativa, determinou sacarlle rendimento. E malia a pequenez do seu corpo obrigábaa a facer traballos de muller adulta. Recadar leña para lle botar ao lume, toxos para estrar o porco, herbas, ras, sambesugas e todo canto lle era preciso para elaborar os bebedizos. E se logo de botar o día a traballar a faena non era do seu agrado, mazábaa nas costas até llas deixar moradas. Á hora de comer, apenas se lle deixaban uns refugallos de caldo ou papas no fondo do cazolo. De non ser polas amoras das silveiras, o leite que mamaba ás agachadas, os paxaros, bolboretas e ras que apreixaba e, ao tempo que acariñaba, lles metía dente, mo-

rería de fame. A rapaza aturaba o traballo e as zorregadas con resignación. Para se abstraer da dor que lle ocasionaban as continuas tundas aprendera a centrar o máxín en cousas agradábeis. Maxinar que ficaba na compañía do seu amigo esquío era unha desas ideas que lle servían de axuda. Pillárao coa intención de o comer mais, logo de sentir a dozura do seu peleslo, dondo e bonito, decidira indultalo e bautizalo co nome de Pepe da Póla. E se ela é feliz ao lado de Pepe, Pepe morre de amor pola súa madriña. Rubir piñeiros e arrebolárense piñas un ao outro é a maior diversión de Zeltia. Con todo, os intres de lecer son escasos na vida da pequena. O seu normal decorre no traballo. Ela sabe que non se pode arredar daquel lugar en tanto que non sexa un pouco máis grande e teña afincado nos miolos tanta sabenza como neles caiba. A meiga ten remedios para todos os males. Sexa cal sexa a cantidade de herbas, flores, cogomelos ou bechos que leve, serven para sandar un mal ou outro. Para ventura súa, todo canto ve ou escoita apégaselle á cabeza coma se llo adherisen con cola. E non só repara nas receitas dos unguentos e bebedizos, tamén observa os feitos e a verbosidade que a Ama adoita segundo quen teña enfronte dela que, como boa coñecedora da alma humana, comeza por deixar falar a clientela tanto como esta queira e, de aí, ademais de adiviñar o mal, extrae o remedio. Se a doenza é da alma, sándalla con rituais que nada máis ela domina. E cando o alifafé agroma do corpo, recoméndalle o bebedizo que ela estima adecuado.

Pese á fame, ao frío e á dureza do traballo, Zeltia medra coma flor en maio. Os paxaros, grilos, ras, troitas, froitas, bogas e todo canto a natureza lle brinda, élle saboroso manxar.

Mentres a meiga engule pucheiros de legumes con touciño e excarcera gases coa potencia dunha locomotora, ela procúrase o propio sustento. Anda polos sete anos e é a nena máis alta e forte da redonda. Hoxe vai ir á catequese por primeira vez. Rexina, que é muller espreita, non quere que a xente pense que non cumpre coas obrigas de boa cristiá. Para que así o entendan, mercoulle á rapaza un veo negro, uns zocos de coiro e mandouna deprender as cousas de Deus. Mais non sen antes lle facer unhas cantas advertencias:

—Tan pronto como remate o lerio pasas dereitiña para á casa. Oíchesme?

—Claro que si, Ama. Eu a vostede sempre a escoito: be-rra moito.

A rapaza fitaba á Ama cos ollos moi abertos. Preguntábase se coidaría que ela padecía xordén.

—E se algún malensinado se che achega, arréalle unha patada nos collóns e estóupallos.

—Onde, Ama? —preguntou Zeltia pois, ignoraba o que a meiga lle quería dicir.

—Nos collóns, rapaza, nos collóns!

—Non sei o que é iso.

—Son dúas bólas que os homes teñen na entreperna. Se lles atinas ben, non andarán máis tras túa.

Rexina, ao paso que falaba, para lle ensinar a Zeltia o lugar onde se atopan os órganos masculinos que ela lle aconsella patexar, apaxaba a súa pelve. Axiña se decatou a rapaza do que a meiga lle quería dicir. Seus irmáns tiñan esas bólas. Só que na súa familia dicíanlles *huevos* ou testículos.

—Quede tranquila, Ama, farei o que me di.

Zeltia colocou o veo na cabeza e, satisfeita, marchou cara á catequese.

Ao avistar a igrexa e todo o que a rodea, levou unha alegría: o adro ficaba cheo de rapaces a xogar aos agochos.

—Eu tamén quero brincar —dixo moi disposta.

—Pois terás que apandar —retrucou un con aires de mandón.

—De acordo, apandarei —conformouse ela. A palabra apandar non lle prestaba moito. Porén, ao ser esta a súa primeira tarde coa rapazada da parroquia desexaba caerlles ben. Non tivo que pasar moito tempo para que eles viran que era divertida e gallofeira, unha boa achega para o grupo. Foi un día moi especial para ela: brincou, correu, berrou e pasouno de marabilla. E cando estaba a lles explicar aos compañeiros o xeito de aproveitar o xogo para rubir ao cabazo do cura e furtar cadansúa espiga, chegou el para lle esnaquizar os plans.

—Ti debes ser a criada de Rexina —di o crego, mentres pill a cativa polo brazo e a estuda con interese.

—Si, señor. E díxome ela que a quen me puxese a man enriba lle arrease unha patada nos collóns e llos estoupase.

Zeltia, para obedecer a orde da Ama, soergueu a súa pequena e áxil perna e, antes de que o cura puidese reaccionar, espetáralle o zoco nos xenitais.

—Estás tola? —bramou o home a resgardar a parte dorida—. Lárgate para á casa e que non te volva ver por acá, desgraciada!

O crego, amais de lle berrar, zoscoulle un par de lapotes.

—Non podó marchar sen denantes saber a catequese. Ensínema dunha vez, e xa eu marchó —pediu.

—Eu a ti non che ensino nada, salvaxe, que es unha salvaxe!

—Malo! Vostede é un home moi malo. Se cando chegue á casa non sei a catequese, a Ama mídeme as costas coa vara gorda.

—Pouco che dá para o moito que mereces... Malcriada!

—Se vostede me ensina a catequese, o vindeiro sábado tráíolle un coello. Ande...! —insistiu.

—Está ben, pero como volvas comportarte así, o que che vai medir as costas vou ser eu, entendíchesme?

—Facemos un trato, se vostede non me pon a man enriba, eu tampouco lle bato nos collóns. Parécelle? —preguntou a nena en ton conciliador.

—Outros chas han poñer e non has protestar tanto —ros-mou o crego polo baixo.

O resto de rapaces mirábana con asombro. Se lle batera ao cura daquel xeito, que tal lles faría a eles!

Don Lucio, para que os Mandamentos da Santa Nai Igrexa lles resultasen doados de aprender aos cativos, repetíalles a modo de cantarea e cunha zorrega na man. O número de losqueadas ía en concordancia co grao de pobreza do alumno. Quen máis cobraba era Lelo. O rapaz, debido á xordén que padece, non se decata de nada. E, ao coidar o crego que é pola súa mala disposición a aprender, non se priva de o adestrar a golpe de pau. Xa tamén na súa casa lle caen sopramocos de todos os lados. Pais, avós e irmáns pillaron costume de bater nel. O coitado, por non coñecer mellor decote, atura os golpes coma quen en día de chuvia agarda a que escampe. Se de repente deixasen de lle bater, non o entendería. Era

tallada de caneo...! E se tornamos ás mañás do crego, había leña para todos agás para os fillos de don Miguel, ao que acumaban o “Marquesiño Curto”. Xa eles podían facer as máis grandes diabruras que sempre lles reservaba un clerical aloumiño.

—Se quero volver á catequese e brincar coa rapazada, non podo anoxar a Ama nin o crego. Bue..., o crego xa el o está. E todo por unha patadiña de nada. Hei de atopar a maneira de que me perdoe. O venres pola tarde, de paso que vou tronzar batume á touza, coloco o engado. Ao seguinte día, cando veña para a catequese, miro se caeu algo. O malo é se en vez dun coello apreixo unha donosiña, unha rata ou calquera outro becho. Terá que agardar”.

A piques de chegar á palloza, pasou por Pepa, a veciña.

—E lo, de onde vés, neniña? —preguntou a muller cun agarimo garafeteiro.

—Da catequese.

—Pois logo, a ver se o señor crego che ensinase a non me roubar os ovos.

—Será o teu home quen os come. Ouvinlle dicir á Ama que o matas de fame, que comes ti todo e a el nin as mingallas lle deixas.

—Ah! Conque a bruxa anda a dicir falsidades! —alterouse Pepa—. Pois dille da miña parte que o meu home come pola súa man, que ninguén lle taxa o alimento. E que se quere guerra, aquí me ten.

—Eu llo direi.

—E dille tamén que se vaia lavar!

—Iso mesmo di ela de ti.

—Que é o que di?

—Pois iso, que es unha porcallana, que na túa vida lavaches a crica!

—Ai o que me di! —laiouse Pepa.

A Zeltia faltoulle tempo para correr xunto da meiga e transmitirlle o recado da veciña.

—Ama! Acabo de pasar por Pepa e mandoume que lle dixese que se fose lavar, que era vostede unha porcona.

—Lavar que se lave ela, que eu ben limpa que son. E se esa bocapodre quere guerra, asegúroche que a vai ter. Así chegue a noite, has levarlle á porta do cortello un preparadiño. Xa verás como se lle quitan as ganas de falsear. Vai á corredeira e pillá un fato de loureiro manso, outro de teixo, seis lagartas arnais, dúas píntegas e media ducia de sapos.

—Xa case vai ser noite —escusouse Zeltia.

—Pois date présa!

—Xa vou —dixo a rapaza con face amolada.

—Antes de nada quero que me digas o que deprendiches na catequese. Conta que se non te abaixas, non volves ir.

—Aprendín os dez Mandamentos. Escoite, vulllos dicir: o primeiro amarás a Deus sobre todas as cousas, o segundo... E, por rigorosa orde, debulloullos todos.

—Está ben. Agora bule!, vai buscar o que che mandei.

A nena apañou unhas poucas amoras para acalmar a fame máis gorda e cando se decatou xa os bechos se agocharan nos respectivos abrigadoiros. Tronzou un gallo de loureiro, outro de teixo e, ao tempo que maquinaba posíbeis desculpas, tornou á palloza.

—Xa case era noite e non atopei lagartas nin píntegas Ama. Pero non se anoxe, aquí ten o teixo e o loureiro.

—Cando saíches de aquí inda o sol non se puxera. Se no canto de andar ás amoras fixeses o que che mandei, o conto sería outro. Toma! —di a bruxa a lle bater coa vara no cu.

—Tiña fame!

—A fame voucha quitar eu a paus, desagradecida!

—Non me casque máis, que mañá hei de lle traer un caneco cheo.

—Dáte présa a acender o lume. Ando algo mal do ventre e tes que me facer unhas papas.

Zeltia foi ao cuberto na procura duns garabullos para acender o lume. Debido ao sistema que utilizaban —avivecer o rescaldo do día anterior—, non era tarefa fácil. Des que logrou que as ascuas prendesen nos garabullos colleu o caldeiro e foi muxir a ovella.

—Bebíchelo todo, lambona! Non aprendiches nada na catequese? Roubar é pecado mortal.

—Non, Ama. Xúrolle que non probei pinga. Foron os años, que medran que están adoecidos.

—Non sei eu...

—É verdade. Sei que vostede está moi enferma e precisa comer o leite todo —explicou a rapaza.

—Non sei por que me parece que es listiña de máis.

Zeltia colocou a perfia das papas enriba da trepia e foi na procura dun remexo. Namentres mexía nelas, soñaba con poder comer unhas poucas. Botara suficiente fariña e auga para que sobrasen. Cando lle pareceu que xa estaban listas, encheu unha cunca e achegoulla a Rexina.

—Se despachaches todo, vaite deitar.

—Teño fame, Ama —pregou a rapaza.

—Déixate de lerias e vai durmir. O descanso tamén mantén. Ah! E antes de que o día abra, quérote ver en pé. De agora en diante vas ir todos os días á escola de don Manuel, ese que lle din o mestre. Quero que aprendas a ler. Xa falei con el para que, caso de ser preciso, che arree coa correa no cu. Non sei se o sabes, pero aprender ten un custe. E o home non é dos que piden pouco pola súa sabenza —roñou Rexina.

Ao ver que non ía probar as papas, marchou cara ao cocho do porco, lugar onde durmía. E como a fame seguía a importunar, antes de se tombar no presebe de táboas que lle serve de leito, asexou que ninguén a vise e meteuse na leira da veciña a roubar espigas de millo, cultivo que chegara de terras americanas e lle sabía moito. O porco, co que compartiu botín, gruñiu de ledicia. Aquelas mazorgas tenras e leitosas eran a súa paixón. Logo de tan boa cea en irmandade, acomodáronse e botaron a durmir.

Zeltia ergueu coa luz do día. Se pretendía facer todo canto a meiga lle ordenara debía adiantar traballo. Sabía que precisaba aqueles elementos para lle facer un feitizo a Pepa. Posibelmente para que lle morrese a vaca. Mais, segundo ela estaba a percibir, non farían falla os meigallos de Rexina para que iso acontecese. A Marela, mentres Salustiano, o home da veciña, lle botaba unha soneca debaixo do castiñeiro da horta, saltaría o valado da leira e, na finca lindeira, daríase un empacho de aveas que lle custaría a vida. Malia sentir gana de llo contar á Ama, optou por seguir co traballo. A nova podía agardar. Cando rematou coas obrigas achegouse á palloza e,

con comedimento, reveloulle á Ama a visión que a apreixara. Esta, ao coidar que eran parvadas de rapaza aluada, arreoulle unha xostregada nas cachas e mandouna concluír o traballo. Aínda que sabía que era xeira perdida, tal e como prometera, axuntou material suficiente para lle procurar o mal a unha comarca enteira. Grazas a que pasaba moito tempo a transitar polo silvestre, coñecía os costumes de réptiles e bufónidos tan ben coma se levase anos a estudar neles. Que saísen a tomar as primeiras raioliñas da mañá, era o habitual.

—Xa estou de volta, Ama.

—Pilla a coitela e destrípaos. E coidadiño co que fas! Precísoos todos.

—Son moitos —dixo a rapaza, por querer xustificar uns poucos bocados.

—É moito maleficio o que debo argallar!

—Eu tamén quero deprender a botar maleficios, Ama.

—Pois atende! Así teñamos as entrañas dos bechos, mesturámolos con auga bendita, fel de porco bravo, estrugas dun camiño real, loureiro manso e sete follas de teixo. Despois, cunha pluma de corvo, facemos cruces nas portas nas cales desexamos caia o mal. E lembra, para que o conto resulte, hai que llo pedir a Deus con moita devoción. El é quen manda as desgrazas e as venturas. Mañá, cando o teña preparado, lévasllo á porta da corte.

—O malo é se me ven.

—Agarda a que sexa de noite.

—E se Chispa me quere morder?

—Levas unha vara e arréaslle na testa.

—Se cadra xa non fai falla ir... —observou Zeltia.

—Non digas parvadas e pon tino no que fas, non vaia ser o demo que esnaquices os corazóns —advertiulle a meiga—; teñen que se ver enteiros.

—Aquí os ten, Ama.

—Agora corre para a escola.

—Podo poñer os zocos?

—Podes. E mira ben onde os metes! Peitéate e lava a cara. Esa xente é máis fina que nós.

—Como mande, Ama —contestou a rapaza farta de ledicia. Ía aprender a ler, e iso moi pouca xente o sabía facer. Na casa agardábaa un tomo groso que contiña os doce signos do zodíaco. O feirante que llo vendera á Ama aseguráralle que con aquela ferramenta de traballo xamais erraría nos seus prognósticos. Porén, pese a ela poñer todo o interese, non foi quen de o descifrar. Sentiuse estafada. Comprobou que ser posuidora dun libro non achega o preciso entendemento para lle desentrañar o contido. Foi por iso que decidiu mandar a Zeltia á escola. Así, cando a cativa saiba ler, ha poñela ao tanto de todo o que di o libro.

“Vou deprender todo canto don Manuel me ensine. Comigo non vai ter que empregar a vara”, decidiu Zeltia.